



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PAULA ARES OTERO, SECRETARIA – INTERVENTORA DO CONCELLO DE LOUSAME (A CORUÑA) DO QUE É ALCALDE-PRESIDENTE DON ESTEBAN ARES GARCÍA

CERTIFICA: Que na sesión Extraordinaria Urxente da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día martes 9 de xuño de 2026 adoptouse seguinte acordo, que se transcribe dun xeito literal, salvo erro ou omisión involuntarias, e sen prexuízo da aprobación definitiva do acta:

<<3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE FILLOS E FILLAS NO CONCELLO DE LOUSAME PARA O ANO 2026.

Expediente TEDeC: 2025/A002/000002.

Asunto: BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES Á AXUDA Á NATALIDADE DO CONCELLO DE LOUSAME 2026.

Visto o expediente tramitado e de acordo a os seguintes:

Antecedentes:

- 1 No Orzamento 2026 (*cuxa entrada en vigor tivo lugar o 18/01/2026, coa publicación da súa aprobación definitiva no BOP*), na súa Base de Execución núm. 33.3, no tocante ás axudas á Natalidade indícase:

“3.- Recóllese por vez primeira una partida orzamentaria destinada á concesión de axudas á natalidade, cuxo obxecto é a fixación de poboación no municipio. O procedemento de concesión destas axudas é o de concorrencia non competitiva, porque non é necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas, que reúnan os requisitos establecidos nas bases que rexan a convocatoria, de conformidade co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Estas axudas serán tramitadas por un procedemento abreviado, no que o órgano instrutor formulará ao órgano concedente a proposta de resolución, tras comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos nas bases que regulen estas axudas.”

- 2 No Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lousame 2024-2027, aprobado na sesión plenaria do día 05.04.2024, e modificado por Resolución da Alcaldía 14/2026 do 13/01/2026, recóllese a seguinte liña de subvención:

LS 1.2 Apoio de actividades e programas que promoven a autonomía das persoas e a súa inclusión social:

Área	Servizos Sociais
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro que directa ou indirectamente desenvolvan accións ou programas dirixidos a persoas en risco ou situación de dependencia Familias con fillos/as menores
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none">– Promover a colaboración con ditas entidades– Promoción da autonomía persoal e atención de persoas en risco de exclusión social, favorecendo a permanencia no seu entorno habitual– Favorecer a natalidade mediante la concesión de prestacións económicas dirixidas a familias con fillos/as menores
Efectos que se pretenden conseguir	Contribuír á mellora da calidade de vida daquelas persoas en situación de risco de dependencia, facilitando a súa socialización no seu entorno habitual Favorecer o asentamento poboacional de familias con fillos/as menores.
Prazo necesario para a súa	Indeterminado

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

<i>concesión</i>	
<i>Custos previsibles e financiamento</i>	Orzamento 2024/2025/2026: Aplicación 231.48000. Subvencións nominativas: – Cáritas Parroquial: 1.500,00 € – A Misela: 2.000,00 € – A Creba: 1.500,00 € Orzamento 2026: Aplicación 231.48000. Axudas á natalidade (6.000,00 €) Subvencións en concorrencia.
<i>Plan de Acción</i>	Réxime de subvencións nominativas. Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente (Alcaldía) será elaborado un Convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista. Réxime de subvencións en concorrencia. Aprobado o Orzamento Municipal, serán tramitadas en réxime de concorrencia, previa aprobación da convocatoria e bases que rexan a súa concesión.
<i>Seguimento e avaliación</i>	– % de beneficiarios por axuda – % de beneficiarios que melloraron a súa situación persoal con respecto ao ano anterior.
<i>Resultados da avaliación</i>	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo.

- 3 Providencia da Alcaldía do 04/06/2026 incoando o expediente administrativo.
- 4 Informe do TAX, do 08/06/2026, sobre a lexislación aplicable e o procedemento administrativo
- 5 Proposta de Bases específicas que rexeran a convocatoria das axudas á natalidade, asinadas pola Alcaldía o día 08/06/2026
- 6 O 08/06/2026 incorpórase o documento contable RC por importe de 6.000,00 euros.

Considerando conveniente efectuar a convocatoria das devanditas subvencións, visto informe do Técnico de Administración Xeral sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para convocar e conceder as subvencións, vistas a retencións de crédito realizadas nas partidas orzamentarias correspondentes así como o informe da Secretaria – Interventora, de conformidade coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e a Ordenanza Reguladora da Concesión de Subvencións polo Concello de Lousame, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos membros asistentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases específicas da convocatoria pública para a concesión de subvencións correspondentes ao programa LS 1.2 Apoio de actividades e programas que promoven a autonomía das persoas e a súa inclusión social que figuran como anexo a este acordo, e efectuar convocatoria pública para a súa concesión.

SEGUNDO.- Autorizar os gastos polos importes e con cargo ás aplicación orzamentarias que se indican a seguir, do Orzamento do Concello para o actual exercicio de 2026:

Aplicación orzamentaria.		importe €
231.480.00	Asistencia social primaria a Familias e Institucións sen fins lucrativos	6.000,00
TOTAL		6.000,00

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CVD: NKdcgwOsN6NRXUVQsUQT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

TERCEIRO.- Publicar a dita convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións, na sede electrónica do Concello de Lousame e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

ANEXO

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE FILLOS E FILLAS NO CONCELLO DE LOUSAME PARA O ANO 2026.

Artigo 1.- Bases Reguladoras e Bases Específicas.

As Bases Reguladoras de calquera subvención ou axuda do Concello de Lousame están contidas na Ordenanza Xeral de Subvencións, cuxo obxecto é a regulación do réxime xurídico xeral do outorgamento de subvencións polos diferentes servizos do Concello de Lousame (BOP núm. 140 do 27/07/2021).

O artigo 6.1 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello, en relación ás subvencións en réxime de concorrencia, sinala que o procedemento de concesión destas subvencións debe incluír a convocatoria pública (mediante acordo da Alcaldía ou órgano no que delegue) que incluírá as Bases Específicas de cada convocatoria.

Artigo 2.- Obxecto.

Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases específicas polas que se rexerá o establecemento de axudas económicas ás familias do Concello de Lousame, co obxecto impulsar estratexias para fixar e fomentar o aumento da poboación municipal e o seu rexuvenecemento, evitando o despoboamento rural, así como apoiar ás familias do Concello de Lousame polo nacemento ou adopción de fillos e fillas.

Para os efectos desta convocatoria e bases, equipáranse os supostos de nacemento e adopción.

Artigo 3.- Orzamento total e aplicación orzamentaria.

O orzamento definitivo, para o exercicio 2026, destinado á concesión das axudas á natalidade obxecto da presente convocatoria, ascende a cantidade de 6.000,00 €, existindo crédito dispoñible, axeitado e suficiente, por ese importe na aplicación orzamentaria 2026 231.48000 "*Transferencias a familias e institucións sen fin de lucro, Axudas á natalidade*".

Dita cantidade poderá variar, mediante as oportunas modificacións orzamentarias debidamente autorizadas, sen que sexa precisa a aprobación e publicación dunha nova convocatoria.

A concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

Artigo 4.- Persoas beneficiarias e requisitos.

Persoas beneficiarias:



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Poderán ser beneficiarios das axudas reguladas nesta Convocatoria e Bases Específicas os pais, nais ou adoptantes de menores de idade, nados ou adoptados dende o 1 de xaneiro de 2026 até o 15.12.2026, sempre que cumpran os requisitos establecidos a continuación.

Exclusivamente unha persoa poderá ostentar a condición de persoa beneficiaria respecto a un mesmo menor.

Requisitos das persoas beneficiarias:

Para poder percibir a axuda deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- Ter un fillo/a nado entre o 01.01.2026 e o 15.12.2026
- En caso de adopción de menores, que a resolución de adopción fose ditada entre o 01.01.2026 e o 15.12.2026.
- Que, polo menos, un dos proxenitores ou adoptantes estea empadroado no Concello de Lousame con anterioridade á data de nacemento ou adopción do menor.
- Que o menor sexa inscrito no Padrón Municipal de Habitantes do Concello de Lousame tras o seu nacemento ou adopción.
- Que o menor e, polo menos, un dos proxenitores ou adoptantes manteñan o seu empadramento no Concello de Lousame durante **os tres anos seguintes** ao nacemento ou adopción.

Artigo 5.- Contía da axuda.

Por cada fillo/filla nado ou adoptado no 2026, o beneficiario da axuda percibirá 300,00 €. No caso de partos ou adopcións múltiples, a axuda concederáse individualmente por cada menor.

Artigo 6.- Forma de pagamento.

Os pagamentos realizaranse nos meses de xuño e decembro, segundo a data de nacemento ou adopción do menor.

Os pagamentos realizaranse mediante transferencia bancaria á conta designada pola persoa beneficiaria.

Artigo 7.- Solicitudes e prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será dende o día seguinte ao publicación da presente convocatoria (e bases específicas) no BOP da provincia de a Coruña, vía BDNS, e até o 18 de decembro de 2026.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lousame ou por calquera dos medios previstos na lexislación administrativa vixente.

As solicitudes deberán ir acompañadas, como mínimo, da seguinte documentación:

- Solicitud normalizada (Anexo I)
- DNI, NIE ou documento equivalente da persoa solicitante.
- Libro de familia ou documento acreditativo do nacemento ou adopción.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- d) Certificado ou volante de empadramento que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos nesta Convocatoria e Bases Específicas.
- e) Certificación bancaria da conta na que deba efectuarse o pagamento, da que sexa titular a persoa beneficiaria da subvención.

Artigo 8.- Procedemento de concesión.

As axudas reguladas nestas Bases concederanse en réxime de concorrencia non competitiva ás persoas que acrediten o cumprimento dos requisitos esixidos, por rigoroso orde de data de presentación de solicitudes e ate o esgotamento do crédito orzamentario.

Procedemento de concesión:

- 1.- Será instrutor do expediente a Concellería competente en materia de Servizos Sociais.
- 2.- Presentada unha solicitude, o Departamento de Servizos Sociais do Concello comprobará que reúne os requisitos regulados nestas Bases Específicas. De non ser así, requiriráselle á persoa solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, emende ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que no suposto de non atender ao requirimento, na aplicación do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, entenderase que desiste da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos do artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- 3.- Unha vez completa a documentación, o técnico do Departamento de Servizos Sociais emitirá un informe-proposta, no que se determinará a concesión da axuda ou a denegación motivada da mesma.
- 4.- O expediente será remitido á Intervención Municipal, aos efectos de certificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da prestación proposta.
- 5.- Completados os anteriores trámites, o expediente será elevado á Xunta de Goberno Local, para ditar o correspondente acordo, que poderá ser:
 - a) Favorable, no suposto de conformidade co informe-proposta do Departamento de Servizos Sociais do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e a certificación de existencia de crédito da Intervención Municipal.
 - b) Desfavorable, por non cumprir o solicitante os requisitos regulados na convocatoria e Bases Específicas, non achegar a documentación requirida, falsidade documental ou esgotamento do crédito orzamentario habilitado na partida para esta finalidade.
- 6.- As solicitudes resolveranse no prazo máximo de 3 meses a contar dende a data da súa presentación. O vencemento do prazo máximo, sen terse notificada a resolución, lexítima ás persoas interesadas para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.
- 7.- Co obxecto de non demorar o abono das axudas, poderanse efectuar resolucións definitivas parciais ou individuais coa regularidade que o órganos competentes estimen oportuno.

Artigo 9.- Compatibilidade.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

As axudas reguladas nestas Bases serán compatibles con calquera outra subvención, axuda ou prestación económica concedida por outras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

Artigo 10.- Obrigas das persoas beneficiarias.

As persoas beneficiarias estarán obrigadas a:

- Facilitar ao Concello canta información lles sexa requirida para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e Bases Específicas.
- Comunicar ao Concello calquera modificación das circunstancias que deron lugar á concesión da axuda.
- Manter o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 4, durante o prazo dos tres anos seguintes ao nacemento ou adopción.
- Reintegrar a axuda concedida, no caso de incumprir os requisitos para a súa concesión.
- Someterse ás actuacións de comprobación que poida realizar o Concello de Lousame.

Artigo 11.- Comprobación dos requisitos.

O Concello de Lousame poderá comprobar en calquera momento o cumprimento dos requisitos establecidos para a concesión da axuda.

Para os efectos da presente axuda, o empadramento suporá a residencia habitual de, polo menos, un dos proxenitores e do menor, no Concello de Lousame.

O Concello poderá solicitar a documentación ou información que considere necesaria para verificar o mantemento dos requisitos durante o período de percepción da axuda.

Artigo 12.- Reintegro.

O incumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e Bases Específicas dará lugar á perda do dereito das cantidades pendentes de percibir.

Así mesmo, procederá o reintegro das cantidades xa percibidas cando se comprobe que a axuda foi obtida falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando aquelas que a impedirían, ou polo incumprimento posterior dos requisitos esixidos para a súa obtención.

O procedemento de reintegro tramitarase de conformidade coa normativa aplicable en materia de subvencións.

Artigo 13.- Protección de datos.

Os datos persoais recollidos serán tratados polo Concello de Lousame coa finalidade de tramitar e xestionar as axudas reguladas nesta convocatoria e bases específicas, de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

Artigo 14.- Normativa supletoria.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

En todo o non previsto nestas Bases Específicas será de aplicación o disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Lousame, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e demais normativa que resulte de aplicación.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE FILLOS E FILLAS.

DATOS DO SOLICITANTE	
Nome	
Apelidos	
DNI	
Dirección postal	
Localidade e código postal	
Número de teléfono	
Correo electrónico a efectos de notificación	

DATOS DO CÓNXUXE OU PARELLA (SE É O CASO)	
Nome	
Apelidos	
DNI	

DATOS DO FILLO/A	
Nome	
Apelidos	
Data de nacemento	
Data da resolución de adopción (Se é o caso)	

DATOS DO REPRESENTANTE (SE É O CASO) Deberá acreditarse a representación por calquera medio válido en dereito.	
Nome	
Apelidos	
DNI	
Dirección postal	
Localidade e código postal	
Número de teléfono	
Correo electrónico a efectos de notificación	

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA COA SOLICITUDE:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

	DNI, NIE ou documento identificativo equivalente da persoa solicitante
	Acreditación da representación (se é o caso)
	Libro de familia ou documento acreditativo do nacemento ou adopción.
	Certificado ou volante de empadramento que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria e Bases Específicas.
	Certificación bancaria da conta na que deba efectuarse o pagamento.

Que a persoa asinante **AUTORIZA AO CONCELLO DE LOUSAME** para que consulte os seguintes datos:

1	Consulta de estar ao día nas súas obrigas tributarias coa AEAT	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON.
2	Consulta de esta ao día no pagamento á Seguridade Social.	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
3	Consulta de estar ao día nas súas obrigas coa Atriga.	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
4	Comprobación dos requisitos para a concesión da axuda, mediante a consulta do Padrón de Habitantes, dende a presentación da solicitude e durante o prazo dos tres anos seguintes ao nacemento ou adopción.	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

Que a persoa asinante **DECLARA** baixo a súa responsabilidade:

Que son certos cantos datos figuran nesta solicitude, que non está comprendida en ningún dos suposto de prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións previstos no artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de subvencións comprometéndose a comunicar ao órgano instrutor calquera circunstancia que puidese alterar a presente declaración dende o momento en que é formulada e até a recepción da axuda, así como que se atope ao corrente nas súas obrigas fiscais, tributarias e de seguridade social e que no caso de ditarse resolución favorable, acepta a axuda concedida.

E, **SOLICITA:**

Que se teña por presentado este escrito xunto coa documentación que se acompaña, se admita, e se teña por solicitada a AXUDA POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE FILLOS E FILLAS prevista nos orzamentos do Concello de Lousame do ano 2026, e se leven a cabo os trámites necesarios para a concesión da mesma.

En Lousame a de de 2026.

Asinado.

A persoa solicitante (ou a persoa representante da solicitante)>>

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente, de orde e co visto e praxe da Sr. alcalde, en Lousame na data da sinatura dixital.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Secretaria-interventora.
Paula Ares Otero.

Visto e prace da Alcaldía.
Esteban Ares García

CVD: NKdcgwOsN6NRXUVVQsUQT Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.lousame.es/>

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

